

Resolución reitoral pola que se declara deserta e pechada a convocatoria pola que se convoca bolsa de formación en Educación Ambiental (Green Campus) dirixida ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2023/2024

De conformidade co establecido no punto 8 do anexo I da Resolución Reitoral do 28 de decembro de 2023 no que se regulan as bases da convocatoria pola que se convoca bolsa de formación en Educación Ambiental (Green Campus) dirixida ao estudantado da Universidade de Vigo, non habendo ningunha persoa admitida e unha vez rematado o prazo de presentación de recurso de reposición,

esta Reitoría RESOLVE:

declarar deserta a convocatoria e dar por finalizado o procedemento

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

